

## INFANCIA= DIVERSIDADE

### POR UNHA ESCOLA INCLUSIVA

#### Prezadas familias:

Como sabedes, neste inicio de curso, os centros de ensino público de Galicia estamos a atravesar unha situación complicada pola falta de recursos e dos continuos recortes de profesorado.

A situación é máis crítica para a rapazada con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE)... mais isto afecta a todo o estudiantado.

Isto non é unha batalla ocasional. É unha guerra planificada e sen cuartel na que toda a comunidade educativa (*profesorado, persoal de apoio, crianzas e familias*) somos vítimas e/ou danos colaterais do desleixo de quen nos goberna.

Porque as NEAE non son algo alleo e de poucos/as... e todo o alumnado pode precisar nalgún intre, de xeito puntual ou permanente, dalgunha forma de apoio educativo.

E por iso que, xunto a ADICOPUVI (Asociación de Directoras/es dos Colexios Públicos de Vigo), convocamos a toda a cidadanía a unha MANIFESTACIÓN de protesta:

**MÉRCORES 16 de OUTUBRO 2024 ás 19:00 horas**

**SAÍDA DENDE O CRUCE DE VÍA NORTE CON URZAIZ**

Pregamos fagades a máxima difusión posible desta mobilización para que chegue a todas as persoas que formamos da comunidade educativa da cidade. Agardamos vervos o 16 de outubro. Contamos convosco!

Infancia= diversidade

Iria Salvande

Presidenta de FOANPAS